

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 28 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se fai pública a relación de centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües, así como os ciclos formativos autorizados, no curso 2022/23, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Mediante a Resolución do 6 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG núm. 92, do 12 de maio), fíxose público o anuncio da Resolución pola que se regulan os ciclos formativos plurilingües para o curso 2022/23, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

A disposición décimo terceira da resolución da convocatoria establece que o secretario xeral de Formación Profesional ditará unha resolución que conteña a relación de centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües e que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

A Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional viuse afectada pola reestruturación establecida no artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio).

Segundo o artigo 25.1 do Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a Dirección Xeral de Formación Profesional é o órgano directivo da Administración xeral da Comunidade Autónoma ao cal lle corresponde exercer as competencias e funcións que se lle atribúen á Xunta de Galicia en materia de formación profesional (DOG núm. 126, do 4 de xullo).

En virtude do exposto anteriormente,

RESOLVO:

Primeiro. Publicar a relación de centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües no curso 2022/23, así como os ciclos formativos autorizados, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



Segundo. Contra esta resolución poderase interpor un recurso de alzada ante o conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 28 de xullo de 2022

José Luis Mira Lema
Director xeral de Formación Profesional

ANEXO
Centros autorizados para impartir ciclos formativos plurilingües
no curso 2022/23 e ciclos formativos autorizados

Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo	Idioma dos módulos non lingüísticos
15005749	CIFP Universidade Laboral	S17004	Prevenção de Riscos Profesionais	Portugués
		SAFD02	Acondicionamento Físico	Inglés
		SIMA03	Mecatrónica Industrial	Inglés
15015755	IES Plurilingüe Rosalía de Castro	SHOT03	Guía, Información e Asistencia Turísticas	Inglés (1°) Francés (2°)
15015767	CIFP Politécnico de Santiago	SQUI01	Laboratorio de Análise e de Control de Calidade	Inglés
15016000	CIFP Compostela	SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración	Inglés
15021469	CIFP Leixa	SARG02	Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia	Inglés
15021482	IES San Clemente	MIFC01	Sistemas Microinformáticos e Redes	Portugués
		SIFC01	Administración de Sistemas Informáticos en Rede	Portugués
		SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma	Inglés
		SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web	Inglés
15021974	EFAG Fonteboa	MAFD02	Guía no Medio Natural e de Tempo Libre	Inglés
		SAGA03	Gandaría e Asistencia en Sanidade Animal	Inglés
		SCOM01	Transporte e Loxística	Inglés
15022607	CIFP Ánxe Casal-Monte Alto	SSAN01	Audioloxía Protésica	Inglés
15024513	CIFP Someso	SFME01	Programación da Producción en Fabricación Mecánica	Inglés
15025682	CIFP Fraga do Eume	SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración	Portugués
15026753	IES A Pontepedriña	SCOM02	Comercio Internacional	Inglés
15027800	CIFP Imaxe e Son	SIMS05	Iluminación, Captación e Tratamento de Imaxe	Inglés
15027897	CIFP Paseo das Pontes	MTCP01	Confección e Moda (FP dual)	Inglés
27003175	IES Val do Asma	SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web (FP dual)	Inglés



Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo	Idioma dos módulos non lingüísticos
27006516	CIFP Politécnico de Lugo	SAFD01	Ensinanza e Animación Sociodeportiva	Inglés
27006528	CIFP As Mercedes	STMV01	Automoción	Inglés
		STMV04	Mantemento Aeromecánico de Aviacións con Motor de Turbina	Inglés
27016200	IES Poeta Díaz Castro	MFME02	Soldadura e Caldeiraría	Portugués
32008902	CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel	SIFC01	Administración de Sistemas Informáticos en Rede	Portugués
		SIFC03	Desenvolvemento de Aplicacións Web	Inglés
		SQUI01	Laboratorio de Análise e de Control de Calidade	Inglés
		SSAN05	Laboratorio Clínico e Biomédico	Inglés
		SSAN09	Hixiene Bucodental	Inglés
		SSEA04	Química e Saúde Ambiental	Inglés
32008914	CPR Santo Cristo	SADG01	Administración e Finanzas	Inglés
32015050	CIFP A Farixa	SHOT02	Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos	Inglés
		SHOT03	Guía, Información e Asistencia Turísticas	Inglés
32016285	IES de Vilamarín	SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos	Inglés
			Xestión de Aloxamentos Turísticos (FP dual)	Inglés
		SHOT04	Dirección de Cociña	Inglés (1º e 2º)
				Francés (2º)
		SHOT05	Dirección de Servizos de Restauración	Inglés
32016765	CIFP Portovello	SADG02	Asistencia á Dirección	Inglés
		SCOM03	Xestión de Vendas e Espazos Comerciais	Inglés
36000417	CPR Plurilingüe San Fermín	MCOM01	Actividades Comerciais	Inglés
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez	SADG01	Administración e Finanzas	Inglés
		SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (FP dual)	Inglés
		SMAM01	Deseño e Amoblamento (FP dual)	Inglés
36011211	CPR Plurilingüe San Miguel 2	BIFC11	Informática e Comunicacións	Inglés
		BIFC12	Informática de Oficina	Inglés
36011348	CPR San Miguel	BADG11	Servizos Administrativos	Inglés
		BCOM11	Servizos Comerciais	Inglés
		MADG01	Xestión Administrativa	Inglés
		MELE02	Instalacións de Telecomunicacións	Inglés
36011853	CPR Daniel Castelao	MADG01	Xestión Administrativa	Inglés
		MELE01	Instalacións Eléctricas e Automáticas	Inglés
		SADG01	Administración e Finanzas	Inglés
		SIFC01	Administración de Sistemas Informáticos en Rede	Inglés
		SIFC02	Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma	Inglés



Código do centro	Centro	Código do ciclo	Ciclo	Idioma dos módulos non lingüísticos
36013448	CIFP Manuel Antonio	SQUI02	Química Industrial	Inglés
		SSAN06	Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico	Inglés
		STCP01	Patronaxe e Moda	Inglés
36013771	IES Fermín Bouza Brey	SCOM02	Comercio Internacional	Inglés
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade	SMAM01	Deseño e Amoblamento	Portugués
36015822	CPR Marcote	SCOM02	Comercio Internacional	Inglés
36019529	IES Ribeira do Louro	SADG01	Administración e Finanzas	Inglés
		SCOM02	Comercio Internacional	Inglés
36020064	CIFP Carlos Oroza	BHOT11	Cociña e Restauración	Inglés
		SHOT01	Xestión de Aloxamentos Turísticos	Inglés
			Xestión de Aloxamentos Turísticos (FP dual)	Inglés

